

«LABRADORES HONRRADOS EN ESTE PARAJE». OS LEIRADO DE SANTALLA DO ALTO E OS DÍAZ DE HOSPITAL DE CHAMOSO Á LUZ DOS PROTOCOLOS NOTARIAIS: SÉCULOS XVII E XVIII

Martín Monge, Alberto

albertomartinmonge1@gmail.com

Graduado en Historia (UCM). Máster en Dereito Nobiliario e Premial, Heráldica e Xenealoxía (UNED).

RESUMO

Os protocolos notariais son fontes de primeira orde para coñecer o día a día das persoas que viviron na Idade Moderna, os séculos que tratamos neste artigo. Os Leirado e os Díaz son dúas familias notorias no Corgo desta época e deixaron a súa pegada nos protocolos dos escribáns que traballaban esa zona, desde dotais até vendas de propiedades.

PALABRAS CLAVE

O Corgo, protocolos notariais, Díaz, Leirado, Idade Moderna, Santalla do Alto, Hospital de Chamoso, escribáns.

1. INTRODUCCIÓN

Os séculos XVII, XVIII e XIX caracterízanse pola proliferación de escrituras notariais de toda índole no Corgo: contratos dotais cando os noivos ían contraer matrimonio; vendas de propiedades, especialmente leiras rurais; preitos, sobre todo o que se chamaba convenio entre partes; até recoñecementos de fillos e un longo etcétera. Todo pasaba polos escribáns, que daban fe de calquera feito, aínda que moitas persoas confiaban tamén os seus testamentos e as mandas pías a algún párroco.

O aumento dos postos de escribán naceu dunha necesidade de lexitimar cada vez máis as escriturasⁱ. Ademais, cómpre ter en conta que parte das escribanías eran concedidas polos concellos ou polos señores dos distintos territorios —no noso caso, por exemplo, o conde de Lemos—, e non só eran escribáns reais de número. Por iso o seu número foi medrando e tamén era proporcional ao propio aumento da poboación.

Aquí trazaremos uns breves apuntamentos da presenza das familias Leirado, asentada no barrio de Vilar da parroquia de Santalla do Alto, e Díaz, orixinaria de Hospital en Santo André de Chamoso. Xa nos achegamos a estes dous liñaxes en artigos anteriores da revista *Corga*: «Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII» (2022)ⁱⁱ e «Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz» (2023)ⁱⁱⁱ. Agora queremos introducilos na vida cotiá dunha comarca rural, como era O Corgo dos séculos modernos.

Traballamos, sobre todo, coas escrituras do escribán Antonio López Torrón e, en menor medida, coas de don Juan Antonio Cedrón e Valcarce, Francisco López Manán, Álvaro Sanjurjo, Francisco Riesgo e Neira, Domingo López Sanmiguel e Blas de Remesil e Obarrio. Outros escribáns aparecen de forma máis accesoria e a través doutra documentación. Vemos, por tanto, a proximidade xeográfica e persoal con López Torrón, por quen pasaba a maior parte dos actos notariais destas familias, especialmente dos Díaz.

Para enmarcar o período no que viviron as persoas obxecto deste artigo, hai que ter presente que foi unha etapa convulsa marcada pola Guerra de Sucesión tras a morte de Carlos II, a proclamación como rei de Felipe V debido ao testamento do último Austria, e o pronunciamento do arquiduque Carlos III de Austria (posteriormente emperador Carlos VI). En Galicia tivo a súa importancia^{iv}, ao ser un reino estratéxico dentro da Monarquía de España pola saída ao Atlántico e a proximidade ao reino de Portugal. Se ben os nosos protagonistas vivían nunha zona rural que asistiu a poucas ou ningunha batalla nin escaramuza, si serían testemuñas do paso de tropas debido ao Camiño Real que transcorría por distintos lugares do

Corgo, como Hospital de Chamoso (solar dos Díaz), o que queda testemuñado pola presenza de soldados nos libros parroquiais deste momento.

2. BOSQUEXO FAMILIAR

Dende estas liñas introduciremos o parentesco das familias Leirado e Díaz para nos aproximar ás persoas que iremos atopando. Son familias que acadaron certo status social, principalmente pola boa administración dos seus bens e por uns matrimonios vantaxosos que os foron levando a alcanzar posicións de fidalguía e a ocupar postos públicos como escribanías.

2.1 OS DÍAZ

Como xa mencionamos anteriormente, a xenealoxía desta familia foi tratada nun artigo previo; porén, aquí imos debuxar unha pequena árbore para facer máis doada a identificación das persoas que aparecerán nos protocolos.

Sebastián Díaz foi o xefe da familia e quen conseguiu aunar nela unha economía notable e un encumbramento social que, posteriormente, desembocaría na fidalguía dalgúns dos seus membros. Era fillo de Jorge da Fouce e de Inés Díaz (+1671), de quen tomou o apelido. Nacería arredor de 1630 e faleceu o 7 de decembro de 1712 na súa casa de Hospital de Chamoso.

Casou en primeiras nupcias con Inés Álvarez, con quen tivo polo menos tres fillos:

- Gracia Díaz, casada con Jacinto Madarro e posteriormente con Domingo Carpinteiro.
- Isidro Díaz, casado con María González de Aguiar e Rebollar.
- Antonio Díaz.

En segundas nupcias casou con Isabel López (falecida o 10 de maio de 1686), con quen tivo polo menos outros dous fillos:

- Don Pedro Díaz Guitián (1675–1742), crego de San Mamede dos Anxos.

- José Díaz, nado en 1680, que debeu falecer na infancia.

Contraeu un terceiro matrimonio con María Paz Fernández, filla de Juan Paz e Catalina Fernández, natural de Santa María Madanela de Moscán, o 14 de xuño de 1686, apenas un mes despois do falecemento da súa segunda esposa. Con ela tivo outros tres fillos:

- Álvaro Díaz Guitián (1687–1752). Casado con María Díaz de Puga en 1707, tivo unha ampla descendencia, entre a cal dous sacerdotes: don Juan Esteban Díaz e don Álvaro Antonio Díaz. Outros dous dos seus fillos, Sebastián e Domingo Antonio, casaron con dúas irmás fidalgas: dona Manuela e dona Jerónima Teixeira; estes últimos, Domingo Antonio e dona Jerónima, foron avós do notario don José Ramón Freire Díaz.
- María Ana Díaz (1692–1764). Casada con Francisco Toirán e con Bernabé Fernández. Foi nai do sacerdote don Juan Toirán (+1793) e de Josefa Díaz.
- Juliana Díaz, casada con Ángel Leirado, de quen falaremos no seguinte apartado.

2.2 OS LEIRADO

O membro máis antigo da rama Leirado de Vilar, en Santalla do Alto, é Domingo Leirado, que viviu no século XVI. Casado con Catalina López, tiveron



Casa Leirado de Vilar

por fillo a Bartolomé, que casou, á súa vez, con Catalina González. Bartolomé e Catalina tiveron polo menos dous fillos: Jorge, solteiro, e Domingo que, xa no século XVII, desposou con María do Val e tiveron unha ampla prole: Bartolomé; María, casada con Juan Rodríguez; Manuela, casada con Francisco do Campo; Andrea, casada con Sebastián de Hermida; Juan; e Ángel, casado en 1703 en Hospital de Chamoso con Juliana Díaz, onde ten lugar a unión entre as dúas familias que estudamos neste artigo.

Ángel Leirado e Juliana Díaz tiveron varios fillos:

- María Isabel Leirado Díaz, nada en 1709 en Vilar. Casada con Manuel do Porto, tiveron descendencia en San Bartolomeu de Abragán.
- María Antonia Basilia Leirado Díaz, nada en Vilar en 1712. Casada con Pascual López da Hermida, tiveron descendencia en Vilapene (Santo André de Chamoso).
- María Leirado Díaz, nada en Vilar en 1715.
- Felipe Leirado Díaz, nado en Vilar en 1724. Casado con Antonia López Roldán en Escoureda o 30 de abril de 1755.
- Domingo Antonio Leirado Díaz, nado en 1729 en Vilar.
- María Librada Leirado Díaz, nada tamén en Vilar en 1734.
- Andrea María Leirado Díaz.
- José Leirado Díaz, que debía ser o maior dos fillos. Tras un primeiro matrimonio, non aprobado polos seus pais, con Ana Rodríguez Fernández, natural de Santa María de Marei, que derivou nun preito entre José e a súa nai Juliana Díaz tras o desherdamento que sufriu por parte do seu pai Ángel Leirado^v, José casou en segundas nupcias con dona Juana Manuela Pardo.

Esta era bastante máis nova ca el. Nacida en Casanova (Santalla do Alto) en 1740, era filla

de Juan Antonio de Valcarce, dono da Casa Valcarce en Casanova, e de dona María Teresa de Quiroga Osorio, natural da Casa de Sanamede en Santiago de Covas.

José tivo ampla descendencia en ambos matrimonios:

Con Ana Rodríguez:

- Pedro Froilán Antonio Leirado Rodríguez (1744).
- María Antonia Josefa Leirado Rodríguez (1746).
- Teresa Juana Leirado Rodríguez (1749).
- María Isabel Leirado Rodríguez (1752).
- Felipa Mariana Leirado Rodríguez (1754).
- Domingo Antonio Leirado Rodríguez (1757).
- Pablo Antonio Leirado Rodríguez (1760).
- Fernando José Antonio Leirado Rodríguez (1762).

Con Juana Pardo:

- Francisco Antonio Leirado Valcarce (1767).
- María Teresa Jacinta Leirado Pardo (1769).
- María Rosa Leirado Pardo (1770).
- Álvaro Ramón Domingo Leirado Valcarce (1773).
- José Antonio Leirado Pardo (1776).
- Bartolomé Leirado Pardo (1779 – +1806).

3. OS DÍAZ NOS PROTOCOLOS NOTARIAIS

A confianza define ben aos Díaz, pois aparecen como testemuñas en varias escrituras. Sebastián Díaz figura como testemuña no inventario de bens tras a morte de Pedro Fernández, veciño de Vilapene, en 1683^{vi}. Así mesmo, actuou como fiador de don Álvaro de Losada, párroco de



Cruceiro de Hospital de Chamoso

Santo André de Chamoso, en 1687^{vii}. En 1695 foi testemuña da tutela dos fillos de Tomé de Castro, defunto, en favor da súa muller Inés López, veciños de Cabanas na parroquia de San Xoán de Silvarrei^{viii}.

Don Pedro Díaz Guitián, sendo estudante residente en Lugo en 1697, aparece como testemuña, xunto co seu pai Sebastián Díaz e outros, nunha obriga de pago de Domingo de Castro a Victorio Vázquez^{ix}.

Isidro Díaz, ao igual ca seu pai, debeu ser unha persoa de confianza para a elite local, como para o rexedor da cidade de Lugo don José Pardo Pimentel, dono da casa e couto de Boel en Santalla de Piquín, marido de dona María de Castro e Neira, o cal lle outorga poder a Isidro Díaz para representalo perante a xustiza de Adai nun preito que mantiña con don Antonio Teixeira e Montenegro^x. Parece que exercería algo así como procurador de causas, aínda que non parece que soubera asinar, polo que non era unha persoa letrada e quizais valía máis a súa categoría de home honrado na comarca.

Álvaro Díaz Guitián é elixido como «hombre bueno», que era unha especie de xuíz de paz,

para mediar en diversas concordias, como a que tivo lugar en 1738 entre Antonia da Cal, viúva de Pedro Sánchez de Neyra, e o fillo deste: Pedro Sánchez de Neira, tido coa súa primeira muller Gregoria Díaz de Gayoso^{xi}.

Sabemos, así mesmo, que Álvaro Díaz ocupaba o posto de procurador de número no Real Tribunal de Galicia, imaxinamos que na parte da xustiza de Adai, polo que tivo que revisar e actuar en numerosos preitos. Temos o exemplo do poder que outorga xunto con outros veciños de Hospital de Chamoso para requirir a comparecencia dun veciño de Manán de Abaixo^{xii} ou o convenio entre Sebastián do Vale e Antonio Fernández, en Santo André de Chamoso en 1748^{xiii}. No ano seguinte, 1749, é novamente testemuña da dotal para casar Domingo Fernández Carvajales con Marina Fernández, filla de Bartolomé Yanes^{xiv}.

Ao falecer o xefe da familia, Sebastián Díaz, a finais de 1712, a familia enfróntase a algunha disputa pola herdanza. Isidro Díaz interpón preito contra os seus irmáns por considerar que non se repartiu ben a herdanza, ao que Gracia Díaz, a súa irmá, xa viúva do seu segundo marido, outorga poder de representación ao seu medio irmán Álvaro Díaz^{xv}.

O tema dos preitos, concordias e convenios é moi interesante. Polo que puidemos estudar, sempre se tentaba chegar a un acordo entre partes para non crear un ambiente turbio na zona e evitar o colapso da xustiza ordinaria.

Sebastián Díaz é protagonista de varios, como a concordia con Froilán e Benito de Neira, sobriños de don Pedro López de Neira, párroco de Santiago de Espasande, en 1684^{xvi}. Estes pretendían levar auga a un prado do seu tío, pero «estaba en posesión del correr en un prado del lugar que quedó de Francisco Fernández, difunto, de que está llevador y poseedor el dicho Sebastián Díaz», actuando Isabel López, muller de Sebastián, e impedíndolles que levasen por alí a auga. Agrediron a Isabel López, esta respondeu e houbo querelas criminais por ambas partes. Concordouse que Sebastián podía gozar da auga e que o cura de Espasande pagara as custas.

Por un motivo similar, Sebastián Díaz chega a un convenio con dona Antonia Sanjurjo e Montenegro, viúva de don Froilán López de Neira, en 1705^{xvii}, posiblemente o mesmo Froilán do preito anterior. Dona Antonia alargara a gabiola pola que pasaba a auga dun dos seus prados, en prexuízo dun prado propiedade de Sebastián. Interpúxose unha querela criminal contra dona Antonia, pero por «intercesión de personas honradas que en ello se han metido», decidiron chegar a unha concordia para aforrar preitos, gastos e desgostos. Sebastián puxo as súas condicións e asinaron a paz.

Álvaro Díaz Guitián tamén chegou a varios convenios: en 1715 con Juan Galán^{xviii} pola compravenda dun leiro; con todo, en 1742 actúa como testemuña nunha venda que realiza a súa viúva Francisca de Sobrado e Campo e o seu fillo tamén chamado Juan Galán^{xix}.

En 1720 con don Gaspar de la Vega^{xx} sobre un axuste por unhas terras en Manán de Abaixo, nas que Álvaro era cobrador. En setembro de 1720 chega a un convenio e axuste con don Marcos Francisco de la Vega por unhas terras das que era cobrador^{xxi}, seguindo o axuste ese mesmo mes con don Gaspar de la Vega e Montenegro^{xxii}. En 1745 convén con Tomás Arias, Pedro López



Entrada á igrexa de Santo André de Chamoso

de Neira e a súa muller Juliana López^{xxiii} debido a uns problemas pola venda duns terreos facía case corenta anos.

María Ana Díaz mantivo unha concordia co seu cuñado Juan Toirán, irmán do seu defunto marido Francisco Toirán, en 1726^{xxiv}, para o cal volveu outorgar poder ao seu irmán Álvaro Díaz para que a representase a ela e aos seus fillos, dos que era titora e curadora.

O tema das dotes é tamén esencial para comprobar o status social dunha persoa, xa que nelas se inclúen os legados, doazóns e melloras que establecen os pais dos contraentes a modo de contrato prematrimonial.

No caso dos Díaz atopamos bastantes:

- **Isidro Díaz**, fillo maior de Sebastián e irmán enteiro de Gracia, realiza a escritura dotal para casar con María González de Aguiar e Rebollar en 1696^{xxv}. Era filla de Domingo Fernández Rebollar e Isabel González de Aguiar, o primeiro xa defunto, veciños da cidade de Lugo, onde asinan a dote. Á noiva dálle unha serie de bens mobles para a casa que formen e algunhas fanegas de pan; ao noivo dálle o seu pai Sebastián Díaz a lexítima: cen ducados de vellón.
- En 1707 tramitan Sebastián Díaz e a súa muller María Paz Fernández a dotal do seu fillo **Álvaro Díaz** para casar con María Díaz, filla de Diego Álvarez de Puga e Inés Díaz^{xxvi}, onde se lle realiza unha mellora que logo terá protagonismo nun preito do seu fillo Domingo Antonio Díaz Guitián co resto da súa familia a raíz do vínculo que se formou cos bens^{xxvii}. Aínda en 1712 había algunha carta de pago a Diego Álvarez de Puga por cuestión da dotal^{xxviii}, e ao realizar o seu testamento en 1718 xunto á súa esposa Inés Díaz sabemos que don Pedro Díaz Guitián lle debía ao matrimonio douscentos sesenta reais de vellón^{xxix}.
- Pouco despois, en 1711, Sebastián Díaz xestiona a que posiblemente sexa a súa

última dote, xa que falece ao ano seguinte. Trátase da que outorga á súa filla **María Ana Díaz** para casar con Francisco Toirán^{xxx}, a quen representa a súa nai Isabel do Monte polo falecemento do seu pai Martín Toirán.

- **Juliana Díaz**, filla de Gracia Díaz e de Domingo Carpinteiro, neta, por tanto, de Sebastián Díaz, casou con Juan Fernández. En 1759 realizan unha escritura dotal en favor do seu fillo Diego Fernández^{xxxi}, onde lle doan a metade de todos os seus bens mobles e raíces para casar con Juana Fernández.
- **Álvaro Díaz Guitián** e o seu fillo **Domingo Antonio Díaz Guitián** tramitaron a dote da filla e irmá de ambos, **Josefa Díaz**, ao casar en 1745 con Francisco Ferreiro^{xxxii}, a quen representan os seus pais Andrés Ferreiro e Tomasa González e o seu tío don Pedro Ferreiro, crego de Santiago de Fonteita. Dótana co que «se estila dar a hijas de labradores honrados en este paraje», ademais de parte do beneficio que deixou don Pedro Díaz Guitián, medio irmán de Álvaro Díaz e tío da contraente, de quen posteriormente, en 1752, se litixou e repartiron os bens entre os seus irmáns e sobriños^{xxxiii}. E ao ano seguinte, en 1746, dota a outra das súas fillas, **Tomasa Díaz**, para casar con José Joaquín Díaz Riveira^{xxxiv}.
- En 1741 dotara á súa filla **Ana Díaz de Puga**, facendo de intermediario o seu irmán, e tío da noiva, don Pedro Díaz Guitián, para casar con Juan López Torrón^{xxxv}. Para iso, don Pedro deixa a súa lexítima paterna para cubrir a dote. Sabemos que posteriormente tiveron varios fillos, entre eles dous sacerdotes: don Sebastián Díaz, crego de San Xes de Faramontaos, e don Álvaro Xerónimo Díaz.
- Tamén tramita Álvaro Díaz, en 1744, a dotal para a voda do seu fillo **Domingo Antonio** con dona **Jerónima Teixeira da Riguera e Aguiar**^{xxxvi}, filla de don Juan Teixeira da Riguera e Aguiar e de dona Inés Pallín e Zapata, a quen representan o seu irmán

don Jerónimo da Riguera e Aguiar, párroco de Santa María de Gondar, e o seu tío don Francisco da Riguera e Aguiar. Dótana con 650 ducados de vellón, unha cantidade bastante alta; ao noivo dálle o seu pai a quinta parte de todos os seus bens mobles e raíces.

As compravendas eran comúns nas zonas rurais que nos ocupan, debido á cantidade de terras que se intercambiaban ou que se compraban e vendían para xuntalas ou para facer fronte a diversos gastos.

En **1694**, Sebastián Díaz compra a Domingo Jacob, veciño de San Cosme de Manán, «un leiro chamado novo do vial que está cerrado todo alrededor»^{xxxvii}. En **1698** compra outra propiedade a María de Ulloa, viúva de Pedro López Somoza, tamén en San Cosme de Manán^{xxxviii}.

En **1705**, Sebastián Díaz afóra unha herdade de Andrés Rodríguez en Hospital de Chamoso^{xxxix}. Levouse a cabo por un prazo de vinte e nove anos máis, polo que é posible que xa gozara dese foro sobre os bens de Andrés Rodríguez, máis, como indica a escritura, os que se lle adxudicaran ao convento de dominicas de Santa María A Nova da cidade de Lugo.

Álvaro Díaz Guitián adquire o 10 de novembro de **1707**, tres días despois de casar, «una pieza de heredad [...] llamada la cortiña de arriba» no lugar de Villasusao, parroquia de San Pedro de Farnadeiros. Comprálla ao seu propietario Juan López por «cuarenta y ocho ducados de moneda de vellón de a once reales cada uno» e págalla ao contado^{xl}, o que nos dá unha idea da economía saneada da que gozaba a familia, sobre todo Álvaro tras a súa dote e casamento. Vemos nel un interese por labrar a súa propia fortuna, que se traducirá nos bos enlaces e estudos dos seus fillos e no futuro dos seus netos.

No ano **1710** compra unhas propiedades a Lorenzo Freixido e a súa muller Juliana López de Neira, que foran da nai desta: dona María López de Neira^{xli}. Ese mesmo ano, en maio, compra

outras propiedades a Santiago Torrón e á súa muller María Fernández, veciños de Vilapene^{xlii}.

En 1711 o mesmo Álvaro Díaz compra un prado de regadío a Antonio López da Cale, veciño de Vilapene, «en el sitio que llaman Piago» co dereito a regalo co regato de Piago^{xliii}, que actualmente pertence a Outeiro de Rei. Ese mesmo ano adquire «el prado da Veiga en la salida de este dicho lugar», presumiblemente en Hospital de Chamoso, comprado por corenta ducados de vellón a Antonio Manán^{xliiv}, que tiña esa terra na súa familia cando menos desde os seus avós, con quen intercambiara porcións de prados o ano anterior (1710)^{xliv}. En 1707 adquiriran a metade dese prado de Piago a súa media irmá Gracia Díaz e o seu marido Domingo Carpinteiro^{xlvi}. Ese mesmo 1711 realizou novas compras a Juan Mayo e ao seu neto Sebastián Lorenzo, veciños de Quintela na parroquia de Santo André de Chamoso^{xlvii}. En 1742 adquire un foro propiedade de Juan Tallón, veciño de Vilapene^{xlviii}.

Isidro Díaz, en setembro de 1719, véndelle ao seu irmán Álvaro media fanega cos seus dereitos que herdara do seu pai Sebastián Díaz en Santa Catarina de Anseán^{xlix}, o que fai ver unha economía máis desahogada a de Álvaro Díaz, que resolvera ben os preitos a raíz da herdanza, xa que en decembro lle vende outra media fanega^l.

Pouco despois, en 1721, compra unha horta ao matrimonio formado por Domingo López de Bande e María López da Barreira, veciños de Santo Estevo de Farnadeiros^{li}, e en abril de 1727 atopámolo adquirindo unha propiedade de barbeito a Fernando Manán^{lii}.

Os testamentos estiveron moi presentes na familia Díaz, debido en gran parte ao alcance social e económico que acadaron:

- **Don Pedro Díaz Guitián** realiza o seu o 10 de xullo de 1742^{liii}, mandando enterrarse na capela maior da parroquia na que era párroco: San Mamede dos Anxos «y se amortaje en los hábitos eclesiásticos acostumbrados». Manda cen misas rezadas e cantadas. Deixa como

herdeiro ao seu sobriño Domingo Antonio Díaz, a quen manda que pague as súas débedas e consiga dos seus bens uns trescentos ducados para acomodar á súa sobriña Josefa, que aínda non estaba casada, e ao resto de sobriñas solteiras.

- Dez anos despois, o 22 de xuño de 1752, outorga o seu testamento **Álvaro Díaz**^{liv}, mandando ser «sepultado dentro de la iglesia de la feligresía de San Pedro de San Andrés de Chamoso, donde soy feligrés, y en la sepultura que allí tengo que se allá junto al colectoral de Señor Glorioso santo San Andrés y junto al arco de dicha iglesia». Pide ser amortallado co hábito de San Francisco^{lv}, que servía para gañar indulxencias de cara a aliviar as penas do Purgatorio. Deixa oitenta misas rezadas e cantadas, repartidas entre diversas igrexas, capelas e ermitas da súa devoción. Menciona aos seus herdeiros, os casados e solteiros, entre eles Álvaro, que estaba a cursar filosofía na cidade de Lugo e despois chegaría a ser ordenado sacerdote.
- Uns anos despois, o 2 de abril de 1763, fai escritura de testamento outra irmá dos anteriores e filla de Sebastián Díaz: **María Ana Díaz**^{lvi}, onde menciona os seus tres maridos e os fillos habidos con eles, así como os seus desexos de enterramento e mandas pías, os bens que deixa e o resto de fórmulas testamentarias.

Protocolo curioso é o da cesión do cargo de **mestre de postas** que ostentaba Sebastián Díaz en favor do seu fillo Álvaro Díaz en 1704^{lvii}. Fora outorgado a Sebastián o 10 de abril de 1684 por dona Catalina Vélez de Guevara e Tassis, condesa de Oñate e Correo Maior de España, para servir na carreira entre Hospital de Chamoso e Santa Mariña de Galegos, con dirección ao Reino de Castela e á Vila de Madrid, e entre Hospital de Chamoso e a vila de Outeiro de Rei, con dirección ás cidades da Coruña, Santiago, Pontevedra e diversos lugares do Reino de Galicia. Para iso contaba con catro cabalos «continuos en la Caballeriza para servir dicha carrera en servicio de Su Majestad y del Excmo. Señor Conde de


Oñate» (nese momento don Diego Gaspar Vélez de Guevara, neto de dona Catalina). Ao ter máis de setenta anos, decide cederlle o testemuño ao seu fillo Álvaro, que contaba con dezaseis anos e aínda estaba solteiro.

Álvaro Díaz, posteriormente, en 1745, fai unha escritura de doazón en favor do seu fillo don **Juan Esteban Díaz**^{viii}, nese momento clérigo de menores ordens, para que puidese sustentarse e ordenarse das demais ordes até presbítero. Para iso renuncian a bens mancomunados certas persoas como a súa irmá Ana Díaz co seu marido Juan López Torrón, o seu irmán Domingo Antonio Díaz, os veciños Pascual López e Andrés da Fouce ou o matrimonio formado por don Francisco de Neyra e Páramo e dona Ana Ares da Peña. Sabemos que don Juan Esteban Díaz chegou a presbítero e foi crego reitor de Santa María Madanela de Manán de Arriba.

4. OS LEIRADO NOS PROTOCOLOS NOTARIAIS

Os Leirado, ao seren unha familia de quizais menor nivel socioeconómico ca os Díaz, aparecen menos na documentación notarial. Isto débese ao custo dos escribáns, do papel e á menor posesión de terras, co que as dotes eran máis exiguas e existían menos compravendas.

Domingo Leirado, pai de Ángel, e os irmáns deste, Bartolomé e Andrea —muller de Sebastián López da Hermida—, aparecen en 1761 como



Declaración de Ángel Leirado sobre os malos tratos do seu fillo José Leirado

donos noutros anos de diversas propiedades na freguesía de Santalla do Alto a raíz dunha dote a Jacinta López de Sande, sobriña de don Ángel López, crego de Santa María de Franqueán^{ix}.

O 8 de marzo de **1703** asínase en Hospital de Chamoso a dote para o matrimonio entre Ángel **Leirado e Juliana Díaz**^x. En representación do noivo comparece a súa nai, María López do Val, xa viúva de Domingo Leirado; pola parte da noiva fano os seus pais: Sebastián Díaz e María Fernández. Deixaban como dote de Juliana varias fanegas de pan a foro en distintas casas de varias freguesías; unhas cabezas de gando; as camas; unha manta castelá; un caldeiro; un barquillo de prata; unha arca; dous vestidos novos «a satisfacción de dicho Ángel López Leyrado». Pola parte do noivo, a súa nai legáballe os gananciais e a mellora do vínculo que instituíra o seu marido, Domingo Leirado, no seu testamento. Ao non saber asinar ningún deles, asinan como testemuñas o licenciado don Pedro Díaz Guitián, irmán da noiva, e Tomé López do Val, posiblemente tío do noivo.

Ángel Leirado, marido de Juliana Díaz, nada máis casar, en 1703, adquire un leiro e pezas de herdade de cortiña no lugar de Vilar, en Santalla do Alto, onde residían, a Domingo López de Álvaro e á súa muller María Méndez^{xi}. Os bens raíces dos Leirado en Vilar remóntanse a séculos atrás: xa en **1644**, Juan Leirado, fillo de Domingo Leirado e Catalina López, véndelle ao seu irmán Bartolomé Leirado (avó de Ángel) todos os seus bens no lugar de Vilar^{xii}, o que ía concentrando nunha soa estirpe todas as propiedades.

Porén, hai que remontarse ao 15 de xullo de **1596** para chegar á orixe do solar e casa Leirado de Vilar. Don Juan González, clérigo e párroco veciño de Golás, véndelle a Domingo Leirado Ruche^{xiii} (bisavó de Ángel Leirado), veciño do lugar de Villapape, «el lugar de Vilar, feligresía de San Salvador de Santalla Alta, que es la casa de Vilar en que solía vivir Gómez de Barga, que está en el medio del campo el corral de Vilar, junto a las otras casas, con el prado del molino», ao que suma «todas las heredades e carballos e árboles a los dichos lugares de Vilar, anexos y pertenecientes».

En 1717, Juan Leirado, irmán de Ángel, compra a don Tomás de Quiroga e Balboa, veciño de Santa María Madanela de Sabarei, «ocho ferrados de pan y medio de renta en cada un año, medidos por la medida vieja»^{lxiv}, adquirindo ao ano seguinte el e Ángel Leirado máis fanegas de pan ao mesmo vendedor. En 1737 vende desta volta «la mitad del prado que ha y tiene en dicho lugar do Vilar do dicen a Bica» a Sebastián de Hermida^{lxv} por sesenta e seis ducados, terreo polo que pleiteara con Domingo Díaz de Vigo e a súa muller dous anos antes, en 1735, polo desvío «del agua que viene del río llamado de ferradal»^{lxvi}. Uns anos despois, en 1744, véndelle a don Pedro Soengas, cóengo da catedral de Lugo «un leiro y pieza de heredad de barbecho»^{lxvii}.



Declaración e sinatura de José Leirado no preito da súa nai en 1747

Os testamentos son unha forma de mostrar non só os desexos respecto ao legado material, senón tamén as últimas vontades de cara a acadar a vida eterna, sobre todo nunha sociedade profundamente católica como a que nos ocupa. Para iso comprobamos que os encabezados son unha alusión a Deus (Pai) e á Virxe, continuando cunha profesión de fe na Santísima Trindade e na Santa Igrexa Católica. Tamén era unha forma de quedar en paz, tanto con débedas terrenas como espirituais, isto é, por penitencias mal cumpridas ou por intranquilidade de conciencia, e así poder chegar ao Reino de Deus^{lxviii}.

Ángel Leirado outorga o seu testamento perante o escribán Pedro Fernández Dorrego en 1745^{lxix}, onde o máis singular é o desherdamento ao seu fillo José, que tratamos noutra artigo, «el cual se casó de su libertad sin mi licencia ni consentimiento»; isto débese a que casou con Ana Rodríguez Fernández, unha muller de Santa María de Mareia a quen debían considerar inapropiada ou dunha posición social menor, casando posteriormente, xa décadas despois, con dona Juana Pardo, de liñaxes bastante máis prominentes ca os Leirado. Tiveron un enfrontamento por este tema e «me perdió el respeto debido maltratándome de obra y palabras injuriosas, indignas de un hijo a padre», quitándolle del reparto de sus bienes testamentarios e «siendo necesario le desheredo».

A raíz deste preito xurdiron outros, como o de José Leirado, que finalmente semella que aceptou a herdanza a beneficio de inventario, e o do seu cuñado Pascual López, marido da súa irmá Antonia Díaz^{lxx}, aos cales lles dá José mil reais de vellón polas lexítimas paterna e materna. Actúa como testemuña o seu curmán Domingo Antonio Díaz, fillo de Álvaro Díaz.


En 1752, Juliana Díaz, xa viúva de Ángel Leirado, fai unha escritura de mellora para a súa filla menor Andrea «por conocer como conocido



Inicio do testamento de Álvaro Díaz Guitián

tiene la mucha humildad, amor y cariño que le tiene la referida María Andrea Díaz»^{lxxi}.

Ángel Leirado, do mesmo xeito que Sebastián Díaz, erixiuse, como vemos, en pater familias, convocando ao seu redor toda a súa prole, irmáns e sobriños. Debeu ser unha persoa destacada e de confianza na freguesía de Santalla do Alto en particular, e na xustiza da Pobra de San Xiao en xeral, como así o testemuña o feito de ter sido procurador e empadroador durante varios anos, encargado dos listados de fidalgos e peiteiros^{lxxii}.



Sinatura de Antonio López Torrón

5. CONCLUSIÓNS

Puidemos comprobar nestas páxinas como ambas familias facían acto de presenza nas escribanías para dar legalidade a feitos como testamentos, compravendas de propiedades, dotes, convenios e axustes, entre outros.

Denótase a diferenza de status entre unha e outra familia. Se ben vemos a enorme presenza de protocolos relativos aos Díaz, os Leirado pasaban de forma máis discreta e ás veces tanxencial. Formaban parte da mesma liña de labregos con propiedades; porén, os Díaz lograron aumentar o seu prestixio coa compra de terras e foros, con matrimonios vantaxosos e coa entrada dalgúns dos seus membros na vida relixiosa, acadando a ordenación como presbíteros, o que proporcionaba unha reputación máis alta e constituía unha garantía fronte a preitos, xa que un sacerdote infundía máis confianza ca un leigo (a excepción, quizais, dun nobre)^{lxxiii}.

Apreciamos, tamén, unha preferencia e un agarimo especial entre familiares. Por exemplo, o mellor

repartida que estaba a herdanza de Sebastián Díaz con respecto ao seu fillo Álvaro Díaz Guitián fronte ao resto de fillos (as dotes non demasiado altas de Juliana e María Ana, o reparto cara a Isidro Díaz, que conveniu nun preito posterior co seu irmán...); a declaración de herdeiro universal de Domingo Antonio Díaz na herdanza do seu tío don Pedro Díaz Guitián, en detrimento do resto de familiares; ou, deténdonos nos Leirado, a mellora de Juliana Díaz da herdanza do seu marido Ángel Leirado na filla pequena María Andrea.

Agardamos que sirva para abrir a investigación á presenza de máis familias, ou a ámbitos notariais concretos, da comarca do Corgo nos protocolos.

6. AGRADECEMENTOS

Agradezco a Tamara Fuentes Sánchez a tradución ao galego deste artigo, así como a súa amizade. E aos Leirado, aos Díaz e a todas as familias do Corgo, que con esforzo construíron esta comarca, da que os seus descendentes seguimos desfrutando séculos despois.

7. BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ QUIROGA, Carlos e MARTÍN MONGE, Alberto: «Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII», en *Revista Corga*, n.º 9, 2022, páxs. 28-41.
- ÁLVAREZ QUIROGA, Carlos, FUENTES SÁNCHEZ, TAMARA e MARTÍN MONGE, Alberto: «Entre o estigma e a aceptación: maternidade ilexítima nas parroquias do Corgo (s. XVIII-XIX)», en *Revista Corga*, n.º 11, 2024, páxs. 34-53.
- FERNÁNDEZ GASALLA, Leopoldo: *Galicia en la Guerra de Sucesión (1700-1714)*, CSIC, Santiago de Compostela, 2018.
- MARTÍN MONGE, Alberto: «Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz», en *Revista Corga*, n.º 10, 2023, páxs. 116-126.
- POUSA DIÉGUEZ, Rodrigo: «Escribanos y notarios en la Galicia del Antiguo

Régimen. Una aproximación a su tipología y características», en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, 65 (131), páxs. 255-282.

- RODRÍGUEZ VILLAR, Helena: «El franciscanismo, la muerte y los pontevedreses», en *Liceo franciscano: revista de estudio e investigación*, n.º 221, 2023, páxs. 11-30.
- ROJAS VARGAS, Astrid Guiovanna: «La paz interior y el testamento. El testar como acto liberador. Siglo XVII», en *Fronteras*

de la historia. *Revista de historia colonial latinoamericana*, n.º 10, 2005, páxs. 187-207.

- SAAVEDRA, Pegberto; SOBRADO CORREA, Hortensio; y PESEDO, ANTONIO: «La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso», en *Obradoiro de Historia Moderna*, n.º 22, 2013, páxs. 93-128.

ⁱPOUSA DIÉGUEZ, Rodrigo: «Escribanos y notarios en la Galicia del Antiguo Régimen. Una aproximación a su tipología y características», en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, 65 (131), pág. 257.

ⁱⁱÁLVAREZ QUIROGA, Carlos y MARTÍN MONGE, Alberto: «Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII», en *Revista Corga*, n.º 9, 2022, págs. 28-41.

ⁱⁱⁱMARTÍN MONGE, Alberto: «Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz», en *Revista Corga*, n.º 10, 2023, pp. 116-126.

^{iv}FERNÁNDEZ GASALLA, Leopoldo: *Galicia en la Guerra de Sucesión (1700-1714)*, CSIC, Santiago de Compostela, 2018.

^vÁLVAREZ QUIROGA, Carlos y MARTÍN MONGE, Alberto: Op. cit., pp. 32-36.

^{vi}Archivo Histórico Provincial de Lugo (en diante, AHPL), leg. 318-12, escribano Blas de Remesil y Obarrio, fol. 61r.

^{vii}AHPL, leg. 319-1, escribano Blas de Remesil y Obarrio, fols. 5r.-6v.

^{viii}AHPL, leg. 339-4, abogado don Andrés Álvarez y Neyra (protocolizado por el escribano Francisco López Manán), fols. 29r.-30r.

^{ix}AHPL, leg. 339-6, escribano Francisco López Manán, fols. 75r.-76r.

^xAHPL, leg. 319-6, escribano Blas de Remesil y Obarrio, fols. 39r.-39v.

^{xi}AHPL, leg. 411-2, escribano Antonio López Torrón, fol. 22r.

^{xii}AHPL, leg. 411-12, escribano Antonio López Torrón, fol. 17r.

^{xiii}AHPL, leg. 412-6, escribano Antonio López Torrón, fol. 37v.

^{xiv}AHPL, leg. 412-7, escribano Antonio López Torrón, fol. 2v.

^{xv}AHPL, leg. 409-4, escribano Antonio López Torrón, fols. 22r.-22v.

^{xvi}AHPL, leg. 318-13, escribano Blas de Remesil y Obarrio, fols. 6r.-7r.

^{xvii}AHPL, leg. 408-4, escribano Antonio López Torrón, fols. 37r.-38r.

^{xviii}AHPL, leg. 409-8, escribano Antonio López Torrón, fols. 18r.-18v.

^{xix}AHPL, leg. 500-5, escribano Domingo López Sanmiguel, fol. 57v.

^{xx}AHPL, leg. 409-13, escribano Antonio López Torrón, fols. 25r.-25v.

^{xxi}AHPL, leg. 409-13, escribano Antonio López Torrón, fols. 24r.-24v.

^{xxii}AHPL, leg. 409-13, escribano Antonio López Torrón, fols. 25r.-25v.

^{xxiii}AHPL, leg. 411-13, escribano Antonio López Torrón, fols. 23r.-24r.

^{xxiv}AHPL, leg. 410-2, escribano Antonio López Torrón, fols. 20r.-23v.

^{xxv}AHPL, leg. 339-5, escribano Francisco López Manán, fols. 91r.-92r.

^{xxvi}AHPL, leg. 408-6, escribano Antonio López Torrón, fols. 29r.-30v.

^{xxvii}Arquivo do Reino de Galicia (en diante, ARG), Real Audiencia de Galicia, leg. 12230-60.

^{xxviii}AHPL, leg. 409-2, escribano Antonio López Torrón, fols. 40r.-40v.

^{xxix}AHPL, leg. 409-11, escribano Antonio López Torrón, fol. 16v.

^{xxx}AHPL, leg. 408-11, escribano Antonio López Torrón, fols. 66r.-67v.

^{xxxi}AHPL, leg. 512-2, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 15r.-16r.

^{xxxii}AHPL, leg. 510-8, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 10r.-12r.

^{xxxiii}ARG, Real Audiencia de Galicia, leg. 12230-60.

^{xxxiv}AHPL, leg. 510-9, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 14r.-15v.

^{xxxv}AHPL, leg. 411-6, escribano Antonio López Torrón, fols. 1r.-2r.

^{xxxvi}AHPL, leg. 500-7, escribano Domingo López Sanmiguel, fols. 5r.-6r.

^{xxxvii}AHPL, leg. 339-43., escribano Francisco López Manán, fols. 22r.-23r.

^{xxxviii}AHPL, leg. 339-7, escribano Francisco López Manán, fols. 32r.-33r.

^{xxxix}AHPL, leg. 408-4, escribano Antonio López Torrón, fols. 2r.-3v.

^{xl}AHPL, leg. 408-6, escribano Antonio López Torrón, fols. 31r.

^{xli}AHPL, leg. 408-9, escribano Antonio López Torrón, fols. 7r.-8r.

^{xlii}AHPL, leg. 408-9, escribano Antonio López Torrón, fols. 29r.-30r.

^{xliiii}AHPL, leg. 408-11, escribano Antonio López Torrón, fol. 19r.

^{xliiii}AHPL, leg. 408-11, escribano Antonio López Torrón, fol. 42r.

^{xlv}AHPL, leg. 408-10, escribano Antonio López Torrón, fol. 26r.

^{xlvi}AHPL, leg. 408-6, escribano Antonio López Torrón, fol. 15r.

^{xlvii}AHPL, leg. 409-2, escribano Antonio López Torrón, fol. 26r.

^{xlviii}AHPL, leg. 411-7, escribano Antonio López Torrón, fol. 37r.

^{xlix}AHPL, leg. 409-12, escribano Antonio López Torrón, fols. 21r.-21v.

^lAHPL, leg. 409-12, escribano Antonio López Torrón, fols. 27r.-27v.

^{li}AHPL, leg. 409-14, escribano Antonio López Torrón, fols. 27r.-28v.

^{lii}AHPL, leg. 410-3, escribano Antonio López Torrón, fols. 29r.-29v.

^{liii}AHPL, leg. 411-7, escribano Antonio López Torrón, fols. 44r.-45r.

^{liv}AHPL, leg. 511-4, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 69r.-70v.

^{lv}Sobre a relación entre a Orde franciscana e a relixiosidade popular ante a morte, consultar: RODRÍGUEZ VILLAR, Helena: «El franciscanismo, la muerte y los pontevedreses», en *Liceo franciscano: revista de estudio e investigación*, n.º 221, 2023, págs. 11-30.

^{lvi}AHPL, leg. 513-1, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 14r.-15r.

^{lvii}AHPL, leg. 408-3, escribano Antonio López Torrón, fols. 64r.-64v.

^{lviii}AHPL, leg. 409-14, escribano Antonio López Torrón, fols. 14r.-16v.

^{lix}AHPL, leg. 512-5, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fols. 87r.-88v.

^{lx}AHPL, leg. 394-10, escribano D. Francisco Riesgo y Neira, fols. 10r.-11r.

^{lxi}AHPL, leg. 408-2, escribano Antonio López Torrón, fols. 51r.-52v.

^{lxii}ARG, Real Audiencia de Galicia, leg. 11201-6, fols. 54v.-56r. Ante el escribano Simón Sánchez.

^{lxiii}ARG, Real Audiencia de Galicia, leg. 11201-6, fols. 52v.-54v. Ante el escribano Alonso Trebolle.

^{lxiv}ARG, Real Audiencia de Galicia, leg. 11201-6, fols. 63v.-64v. Ante el escribano Sebastián Fernández da Cal.

^{lxv}AHPL, leg. 390-8, escribano Antonio Arias, fol. 45r.

^{lxvi}AHPL, leg. 423-7, escribano Antonio Álvarez, fol. 35r.

^{lxvii}AHPL, leg. 411-11, escribano Antonio López Torrón, fol. 53r.

^{lxviii}Para este tema, consultar: ROJAS VARGAS, Astrid Guiovanna: «La paz interior y el testamento. El testar como acto liberador. Siglo XVII», en *Fronteras de la historia. Revista de historia colonial latinoamericana*, n.º 10, 2005, págs. 187-207.

^{lxix}ARG, Real Audiencia de Galicia, leg. 11201-6, fols. 75r.-75v.

^{lxx}AHPL, leg. 561-1, escribano Francisco Xavier de Vila, fols. 19r.-20r.

^{lxxi}AHPL, leg. 511-4, escribano D. Juan Antonio Cedrón y Valcarce, fol. 53r.

^{lxxii}Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, leg. 1115, 42, fol. 17r.

^{lxxiii}Para iso, consultar: SAAVEDRA, Pegberto; SOBRADO CORREA, Hortensio; y PESEDO, ANTONIO: «La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso», en *Obradoiro de Historia Moderna*, n.º 22, 2013, págs. 93-128.

